

**REUNIÓN DA COMISIÓN 2ª,  
ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS  
PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E  
SERVIZOS**

Día: 15.01.2020

Hora: 10:30

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 15 de xaneiro de 2020, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Proposicións non de lei

- 1.1 32251 (10/PNC-002625)  
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda  
Sánchez García, Antón  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa solicitude de autorización do proxecto mineiro de extracción de cobre nos concellos de Touro e do Pino, a contaminación producida pola antiga mina e os incumprimentos da empresa en materia de restauración e rexeneración  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 323, do 20.06.2018*
- 1.2 45464 (10/PNC-003658)  
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda  
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón  
Sobre a colaboración do Goberno galego co Concello de Ponteareas na procura dunha solución definitiva aos problemas de xestión das augas residuais  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 430, do 13.02.2019*
- 1.3 56871 (10/PNC-004514)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Álvarez Martínez, Luis Manuel e 3 máis  
Sobre a execución polo Goberno galego das melloras necesarias para garantir a seguridade viaria na estrada autonómica LU-636, que une Sarria con Becerreá  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 544, do 09.10.2019*
- 1.4 56932 (10/PNC-004520)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis  
Sobre a realización pola Xunta de Galicia dunha proposta para a retirada e tratamento dos lodos contaminados procedentes da dragaxe da canle do río Lérez non susceptibles de ser utilizados para a rexeneración doutras zonas da ría  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 544, do 09.10.2019*
- 1.5 58882 (10/PNC-004687)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Rodríguez Barreira, María Julia e 6 máis  
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento co fin de garantir a seguridade viaria na estrada N-120, no tramo comprendido entre Monforte de Lemos e Ourense



*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 569, do 27.11.2019*

- 1.6 59228 (10/PNC-004720)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa conexión da autovía AG-53 coa estrada N-525 en Dozón  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 569, do 27.11.2019*
- 1.7 59357 (10/PNC-004736)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Amigo Díaz, María Encarnación e 10 máis  
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento e ao Concello de Lugo en relación coa execución do proxecto de construción da estación intermodal de Lugo  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 572, do 04.12.2019*
- 1.8 59731 (10/PNC-004767)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias existentes na rede de saneamento e depuración de augas residuais do concello de Pontearreas, en particular, na parroquia de Ribadetea  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 576, do 13.12.2019*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2020

Jaime Castiñeira Broz  
Presidente da Comisión

Jaime  
Castiñeira  
Broz

Firmado digitalmente por Jaime  
Castiñeira Broz  
Nombre de reconocimiento (DN):  
cn=Jaime Castiñeira Broz,  
email=jaime.castineira.broz@parl  
amentodegalicia.gal  
Fecha: 2020.01.09 13:53:20  
+01'00'





Asinado dixitalmente por:

Jaime Castiñeira Broz na data 09/01/2020 13:53:20



# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidente	
Jaime Castiñeira Broz	P
Vicepresidente	
Jacobo Moreira Ferro	P
Secretario	
Antón Sánchez García	GCE

## Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
Xosé Luís Bará Torres	BNG
Martín Fernández Prado	P
Antonio Mouriño Villar	P
María Luisa Pierres López	S
María Julia Rodríguez Barreira	P
David Rodríguez Estévez	M
Gonzalo Trenor López	P
Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna	P

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 15.01.2020                      Hora: 10:30

Orde do día

1.        Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 15.01.2020                      Hora: 10:30

Orde do día

1.1        32251(10/PNC-002625)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa solicitude de autorización do proxecto mineiro de extracción de cobre nos concellos de Touro e do Pino, a contaminación producida pola antiga mina e os incumprimentos da empresa en materia de restauración e rexeneración

*Publicación da iniciativa, 323, 20.06.2018*



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa do seu deputado e voceiro suplente **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na **Comisión 2.<sup>a</sup>**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A asociación ecoloxista ADEGA ven de facer públicos os datos das analíticas solicitados a Augas de Galicia e realizadas nos puntos de control de vertidos, de aforo, de calidade das augas, captacións etc. na contorna da antiga mina de Touro.

Augas de Galiza respostou achegando numerosos datos analíticos tanto das diversas estacións de control como de mostraxes de verteduras. Á vista destes datos pódese concluír que a práctica totalidade dos cursos de auga que arrodean a antiga explotación mineira de Touro-O Pino amosan contaminación por metais pesados e alta acidez, afectando á calidade das augas superficiais e soterradas nunha extensión mínima de 65 km<sup>2</sup> na contorna da mina, cando menos dende os últimos 10 anos.

Segundo ADEGA tanto as augas subterráneas como as superficiais do entorno da mina están fortemente contaminadas.

No **río Ulla** aparecen importantes concentracións de Cu e de Zn (substancias preferentes) con cantidades de Al e Mn tamén por riba dos valores paramétricos en todos os puntos e de Al nun. Algunha destas superacións, caso do punto de mostraxe MR-00700, situado 20 m augas abaixo da desembocadura do Brandelos





prodúcese en análises recentes (marzo de 2018). Estes datos, correspondentes ao curso medio do río Ulla, confirman a mobilización de importantes cantidades de metais pola rede fluvial tributaria dende as antigas cortas mineiras (a de Bama, a máis de 12 km dende a desembocadura do Brandelos e de Arinteiro, a máis de 10 km dende o desaugue do Lañas), cando menos dende 2011 até a actualidade.

A bacía do **río Brandelos** caracterízase por unha intensa contaminación por substancias preferentes, fundamentalmente Cu e Zn sobardando os máximos na maioría dos puntos de mostraxe, e unha moi alta acidez cun mínimo de 3,57 unidades, que persiste en análises recentes. Sospéitase tamén da presenza de substancias prioritarias como o Pb por riba do permitido nos regos das Minas, Felisa, Pucheiras e no propio río Brandelos. Posíbel presenza tamén de As no rego dos Torreis e Cr VI (Pucheiras e Torreis). Subliñar a recente superación (decembro de 2017) no propio río Brandelos dos valores de fenóis (substancias perigosas prioritarias), aínda que non figuran desglosadas por especies; así como de Hg en tres puntos de mostraxe e de cianuros en 2. Outros metais como o Fe, Al, Mn e compostos como os sulfatos amosan frecuentes superacións dos valores paramétricos en todos os cursos de auga desta sub-bacía, que drena tanto a antiga corta de Bama como a de Arinteiro.

A bacía do **río Lañas**, que drena unicamente a corta de Arinteiro amosa unha problemática similar ao Brandelos: o Pb (substancia prioritaria) ten presenza en todos os cursos, cunha superación segura no Portapego. Intensa contaminación por Cu e Zn, especialmente nos regos Portapego e de Barral, que son os que drenan directamente a corta de Arinteiro. É precisamente o rego Portapego o que amosa unha contaminación máis intensa, dando os niveis máis altos de metais pesados (substancias prioritarias, preferentes, e valores paramétricos de Fe, Mn e Al) e o maior pico de acidez (2,32 unidades) de todos os cursos analizados. A chegada de contaminantes que dende os regos de Barral e Portapego se inxectan a través do Lañas na bacía do Ulla provoca a aparición de cantidades significativas



de metais mesmo a máis de 10 km augas abaixo da antiga corta de Arinteiro, e coa explotación inactiva.

Na saída da **balsa de Argumil**, todas as analíticas de augas amosan cantidades moi importantes de Cu, Zn, Fe, Mn, Al, sulfatos e condutividade, todos eles por riba das medias anuais e valores paramétricos, con posíbel superación tamén do Pb, Cr VI e As, e valores de pH hiperácidos, equiparábeis a regos de ambientes extremófilos.

A ineficacia dos tratamentos de rexeneración ponse en evidencia nos resultados das mostraxes de vertidos no **rego Portapego**. Nesta canle, supéranse os valores de Pb (substancia prioritaria) tanto antes como no propio tratamento. Cu e Zn están por riba das medias anuais tanto antes como despois do tratamento, ao igual que os valores paramétricos do Fe, Mn e Al. A acidez é extrema en todos os puntos de mostraxe, cun pico mínimo de 2,52 unidades 200m augas abaixo do surximento do Portapego, máis ácido aínda que antes do “tratamento”. Para o **rego Felisa**, sometido tamén a unha suposta rexeneración, acontece algo similar que para o Portapego: substancias preferentes (Cu e Zn) sempre por riba das medias anuais; posíbel presenza de Pb (substancia prioritaria) así como de As e Cr VI; e exceso de Fe, Mn, Al e sulfatos en todos os puntos de mostraxe. Tamén o pH é hiperácido, cun pico mínimo de 2,8 unidades augas abaixo do tratamento.

As escorrentías da **balsa de Vieiro** amosan unha situación parecida á rexistrada na balsa de Argumil: niveis de Cu, Zn, Fe, Mn e Al por riba dos respectivos límites, aínda que cunha acidez máis moderada. Finalmente, os rebouses da **balsa de Bama** debuxan unha situación similar á da balsa de Vieiro.

A contaminación das bacías fluviais que drenan as antigas cortas de Bama e Arinteiro é patente (ver mapa interpretativo), abranguendo uns 65 km<sup>2</sup> de territorio, con afectación ao curso medio do río Ulla.



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 11/06/2018 17:45  
Nº Rexistro: 32251  
Data envío: 11/06/2018 17:45:24.244



Constátase o fracaso dos supostos tratamentos de rexeneración, de xeito que as antigas labores e instalacións da mina de cobre de Touro-O Pino seguen a ser unha fonte continua de contaminación das augas superficiais e soterradas. Esta instalación, hoxe pechada, converteuse na principal fonte de contaminación por metais pesados na bacía do río Ulla.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.<sup>a</sup>

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- 1) Denegar a Atlaya Mining SL a autorización ao proxecto mineiro de extracción de cobre que se pretende levar a cabo nos concellos de Touro e o Pino.
- 2) Depurar responsabilidades políticas pola pasividade continuada durante anos da administración autonómica diante da contaminación producida pola antiga mina e o non cumprimento de restauración e rexeneración por parte da empresa.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 11/06/2018 17:45**  
**Nº Rexistro: 32251**  
Data envío: 11/06/2018 17:45:24.244

**Antón Sánchez García na data 11/06/2018 17:40:46**

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 15.01.2020                      Hora: 10:30

Orde do día

1.2      45464(10/PNC-003658)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre a colaboración do Goberno galego co Concello de  
Ponteareas na procura dunha solución definitiva aos problemas  
de xestión das augas residuais

*Publicación da iniciativa, 430, 13.02.2019*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 05/02/2019 17:12:57  
Nº Rexistro: 45464  
Data envío: 05/02/2019 17:12:57.280



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Marcos Cal Ogando** e **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na **Comisión 2.<sup>a</sup>**

### Exposición de motivos:

A depuración das augas residuais é unha cuestión de enorme importancia na preservación do medio ambiente e a saúde das persoas que en Galicia non está sendo atendida coa rigorosidade e responsabilidade que merece por parte da Xunta de Galicia, e é por iso que contamos con multitude de puntos negros, dende aliviadoiros por todo o País vertendo augas sen tratar a ríos e rías, así como deficiencias en zonas densamente poboadas do territorio galego que non cumpren coa directiva europea en xestión de augas residuais, e que teñen feito que a UE abraze expediente e sancionase ó Estado español 17 anos despois da data límite fixada pola UE, o que amosa o desleixo da administración.

A esta realidade non é alleo o Concello de Pontearreas e nomeadamente o Río Tea, que está a sufrir agresións constantes como veñen denunciando dende o Grupo Ecoloxista ADENCO e como puidemos comprobar dende o noso grupo nunha visita a este fermoso entorno, cunha riqueza de biodiversidade que é preciso coidar e preservar.

O sistema de depuración de augas residuais de Pontearreas é moi deficiente, incapaz de xestionar o volume que recibe, e é por iso que os aliviadoiros que verten ó Río Tea derivan auga sen xestionar moi habitualmente, provocando unha





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/02/2019 17:12:57**  
**Nº Rexistro: 45464**  
Data envío: 05/02/2019 17:12:57.280



agresión medioambiental que está mermando as poboacións de diferentes especies de flora e fauna, algunhas delas en situación xa moi alarmante, como amosan os datos dos diferentes estudos realizados no lugar.

Polo exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a colaborar co Goberno local de Pontearreas na busca dunha solución definitiva ós problemas da xestión das augas residuais.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Marcos Cal Ogando na data 05/02/2019 16:54:17**

**Antón Sánchez García na data 05/02/2019 16:54:28**

CSV REGISTRO-nL1z2aFQj-9  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 15.01.2020 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 56871(10/PNC-004514)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 3 máis

Sobre a execución polo Goberno galego das melloras necesarias para garantir a seguridade viaria na estrada autonómica LU-636, que une Sarria con Becerreá

*Publicación da iniciativa, 544, 09.10.2019*





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 02/10/2019 17:23:19  
**Nº Rexistro: 56871**  
Data envío: 02/10/2019 17:23:19.705

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, Luís Manuel Álvarez Martínez, Patricia Otero Rodríguez, María Luisa Pierres López e María Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª.

A estrada LU-636, pertencente á rede de estradas da Xunta de Galicia, une as localidades lucenses de Sarria e Becerreá cunha lonxitude de 30,640 km, e forma parte da denominada rede primaria complementaria.

Esta estrada estaba chamada a converterse no acceso natural á autovía A-6 de gran parte dos veciños e veciñas da Comarca de Sarria e tamén na vía de comunicación lóxica entre os Ancares lucenses e o sur da provincia, pero na actualidade atopase moi lonxe de satisfacer tales cometidos.

Un ancho de calzada insuficiente a partir do quilómetro 16 en Láncara, a ausencia de barreiras de protección e un estado de conservación moi mellorable, especialmente no último tramo de estrada entre a parroquia de Saa e Becerreá, son os seus elementos definitorios.

Como consecuencia do anterior e durante os últimos anos, esta estrada tense convertido nun perigo para os condutores polo precario estado no que se atopan algúns tramos. Esta situación agrávase nas épocas de choiva, porque o firme vólvese especialmente esvaradío ocasionando constantes saídas de vía e accidentes.

Non debemos esquecer que o Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020 considera un obxectivo estratéxico a existencia de vías de tránsito e mobilidade máis seguras, considerando accións necesarias para acadar tal obxectivo (entre outras) a mellora da seguridade viaria na zona de circulación, a mellora da seguridade viaria nas marxes das estradas e a conservación da rede autonómica.

Resulta necesario, polo tanto, desenvolver con carácter urxente unha actuación integral desta vía na que se contemple máis ancho de calzada, cunetas, sumidoiros, sinalización horizontal e vertical e medidas de seguridade viaria que eliminen con carácter definitivo toda a problemática existente.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/10/2019 17:23:19**  
**Nº Registro: 56871**  
Data envío: 02/10/2019 17:23:19.705

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a levar a cabo de xeito inmediato, as melloras necesarias na estrada autonómica LU-636 que une Sarria con Becerreá, incluíndo as obras e posterior sinalización, para garantir a seguridade neste tramo.

Pazo do Parlamento, 1 de outubro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 02/10/2019 12:58:05**

**Patricia Otero Rodríguez na data 02/10/2019 12:58:21**

**María Luisa Pierres López na data 02/10/2019 12:58:38**

**María de la Concepción Burgo López na data 02/10/2019 12:58:55**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/10/2019 13:01:22**

CSX4REXISTROKZ3AUQz3  
Verificado  
<https://secre.parlamentodegalicia.gal/tramites/cav/>



Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 15.01.2020 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 56932(10/PNC-004520)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a realización pola Xunta de Galicia dunha proposta para a retirada e tratamento dos lodos contaminados procedentes da dragaxe da canle do río Lérez non susceptibles de ser utilizados para a rexeneración doutras zonas da ría

*Publicación da iniciativa, 544, 09.10.2019*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/10/2019 13:42:02  
**Nº Rexistro: 56932**  
Data envío: 03/10/2019 13:42:02.982

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galicia, a través de Portos de Galicia, iniciou en 2011 a tramitación dun proxecto para a dragaxe e rexeneración da bancos marisqueiros no río Lérez e no fondo da ría de Pontevedra, nun treito de aproximadamente 4,3 km entre o Clube Naval e Os Praceres, no que está previsto retirar aproximadamente 330.000 toneladas de lamas e outros sedimentos. O custo estimado do proxecto é de 3 millóns de euros.

Despois de case 9 anos de tramitación, o proxecto aínda non se fixo realidade. A finais do ano 2016, o daquela Presidente de Portos de Galicia reuniuse co alcalde de Pontevedra e cos portavoces dos grupos municipais para informalos das características do proxecto e dos prazos estimados para a súa realización. Naquela xuntanza, o responsábel de Portos informou da previsión de licitación do proxecto a comezos de 2018.

En xaneiro de 2017, o DOG publicou o anteprojecto da dragaxe e o estudo de impacto ambiental e abriuse o período de exposición pública para a presentación de alegacións. En relación co impacto ambiental das obras, as confraría manifestaron a súa discrepancia coa previsión de depositar máis de 221.000 toneladas de sedimentos ao

CSM-REXISTROenvL7KpMx8  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/10/2019 13:42:02**  
**Nº Rexistro: 56932**  
Data envío: 03/10/2019 13:42:02.982

oeste da illa de Tambo e nos bancos marisqueiros ente Campelo e Combarro. Demandan a modificación desta parte do proxecto, de maneira que os sedimentos se depositen en mar aberto, fóra das augas da ría de Pontevedra.

O pasado mes de abril, Portos de Galiza anunciou a intención de cambiar a zona de vertido dos depósitos, trasladándoa ao exterior da ría. Mais non houbo noticias sobre a modificación do proxecto, sobre o orzamento e sobre o prazo para levalo a cabo.

A comezos de xuño de 2019, Portos fixo pública a través dun medio de comunicación a intención de trasladar os depósitos a un punto de vertido situado na ría de Arousa, nas proximidades da illa de Sálvora, proposta que suscitou o rexeitamento unánime do sector pesqueiro e marisqueiro da ría de Arousa.

No mesmo mes de xuño, o parlamento de Galiza aprobou unha proposición non de lei na que se insta á Xunta á elaboración, conforme a normativa vixente e ás directrices existentes respecto deste tipo de actuacións, dunha proposta alternativa e sustentable para o depósito de materiais procedentes do dragado do río Lérez, de tal forma que se garante que estes non afectarán a ningunha das rías galegas, en especial á ría de Arousa.

Malia este acordo, tanto a conselleira do Mar como a directora de Portos de Galicia seguen defendendo publicamente a proposta de depositar os lodos na ría de Arousa e desbotan a posibilidade de retiralos e tratalos en terra polo seu alto custo e pola incidencia do tráfico de camións no centro da cidade de Pontevedra. A este respecto, a presidenta de Portos falou da necesidade de que 4.000 camións pasen polo centro de Pontevedra e a conselleira elevou a cifra a 11.000.

CSX: REXISTROsml7KfMx6  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/10/2019 13:42:02**  
**Nº Registro: 56932**  
Data envío: 03/10/2019 13:42:02.982

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a realizar unha proposta para a retirada e tratamento en terra dos lodos procedentes da dragaxe da canle do río Lérez que pola súa potencial carga contaminante ou prexudicial non sexan susceptíbeis de ser utilizados para a rexeneración doutras zonas da ría.”

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 03/10/2019 13:41:09**



CSX: REXISTROSrL7KFrX6

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/cs/>



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/10/2019 13:42:02**  
**Nº Rexistro: 56932**  
Data envío: 03/10/2019 13:42:02.982

**María Montserrat Prado Cores na data 03/10/2019 13:41:14**

**Noa Presas Bergantiños na data 03/10/2019 13:41:21**

**Olalla Rodil Fernández na data 03/10/2019 13:41:28**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 03/10/2019 13:41:35**

**Ana Pontón Mondelo na data 03/10/2019 13:41:42**

CSX: REXISTROsml7KfPmX6  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 15.01.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 58882(10/PNC-004687)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Barreira, María Julia e 6 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao  
Ministerio de Fomento co fin de garantir a seguridade viaria  
na estrada N-120, no tramo comprendido entre Monforte de  
Lemos e Ourense

*Publicación da iniciativa, 569, 27.11.2019*





GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/11/2019 12:36:57  
**Nº Rexistro: 58882**  
Data envío: 15/11/2019 12:36:57.352

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados **María Julia Rodríguez Barreira, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, Gonzalo Trenor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

### Exposición de Motivos:

A estrada N-120, no tramo Monforte–Ourense, vén sufrindo desprendementos dende hai anos, provocando accidentes de diversa consideración e riscos para o conxunto dos usuarios.

No ano 2011, a estrada chegou a sufrir ata catro desprendementos en nove meses, e en anos posteriores sucedéronse os mesmos, dando lugar a que se instalaran mallas metálicas de protección dos taludes, naqueles puntos que entrañaban maior risco de derrube.

Tamén se teñen construído muros de contención ou valos metálicos de separación da calzada respecto dos taludes, ademais de sinalar o risco de desprendemento.

O pasado ano producíronse varios derrubes, entre outros, un gran derrube dun noiro que deixou un ferido e danos en dous vehículos. Ao día seguinte, un novo desprendemento obrigou a cortar un carril e regular o paso alternativo cun semáforo.

O pasado venres produciuse un novo derrubamento de pedras de gran tamaño, que obrigaron a desviar o tráfico pola antiga N-120a) durante case oito quilómetros, no caso dos turismos, e por Chantada, no caso dos vehículos pesados.

O peor de todo é o enorme risco que estes desprendementos representan para os usuarios desta vía.

A realidade é que as ladeiras laterais que delimitan esta vía presentan unha forte pendente, con rocas que sobresaen e que, por efecto dos axentes meteorolóxicos, chegan a desprenderse, sendo insuficientes as mallas metálicas para contelas, cando o seu peso e tamaño é considerable. É evidente que os traballos de afianzamento levados a cabo tras os sucesivos derrubamentos sufridos nesta estrada, non teñen servido para consolidar unha ladeira que representa un enorme risco de desplome para os usuarios da N-120 entre Os Peares e Ourense.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com

CSM-REXISTRO-ZMhdu4H9  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/11/2019 12:36:57  
Nº Registro: 58882  
Data envío: 15/11/2019 12:36:57.352**

É sabido que se ten encargado a redacción dun proxecto para a dotación de carrís adicionais nese mesmo tramo, de modo que se mellore a súa seguridade viaria e funcionalidade. Esta actuación podería ademais dar definitiva resposta ao grave risco que representa esta ladeira, para o que debe de incluír medidas de consolidación dos noiros da estrada.

A presente iniciativa ten por obxecto, instar ao Ministerio de Fomento, como titular da vía, para que adopte medidas definitivas que permitan garantir a seguridade viaria desta estrada no tramo entre Monforte e Ourense.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Fomento a fin de que proceda a adoptar as medidas que de modo definitivo permitan garantir a seguridade viaria da estrada N-120, no tramo entre Monforte e Ourense, entre outras, a dotación de carrís adicionais que eliminen os riscos existentes na actualidade e a consolidación definitiva dos noiros das marxes da estrada”.

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 15/11/2019 12:30:59**

**María Julia Rodriguez Barreira na data 15/11/2019 12:31:15**

**Martín Fernández Prado na data 15/11/2019 12:33:15**

**Jaime Castiñeira Broz na data 15/11/2019 12:33:40**

**Jacobo Moreira Ferro na data 15/11/2019 12:34:12**

**Antonio Mouriño Villar na data 15/11/2019 12:34:22**

**Gonzalo Trenor López na data 15/11/2019 12:34:42**



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/11/2019 12:36:57  
**Nº Rexistro: 58882**  
Data envío: 15/11/2019 12:36:57.352

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 15/11/2019 12:35:35**

CSX4\_RFXSTFR0ZMh0u4H19  
Verificado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 15.01.2020                      Hora: 10:30

Orde do día

1.6        59228(10/PNC-004720)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en  
relación coa conexión da autovía AG-53 coa estrada N-525 en  
Dozón

*Publicación da iniciativa, 569, 27.11.2019*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 21/11/2019 17:06:30  
**Nº Rexistro: 59228**  
Data envío: 21/11/2019 17:06:30.756

### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, sobre a conexión entre a AG53 e a N 525 en Dozón.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O DOG do pasado 4 de setembro publicou o anuncio polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de trazado de actualización do proxecto de ramal de conexión entre a AG-53 e a N-525 en Dozón, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referenciado.

O proxecto sometido a información pública presenta numerosas carencias e ten un impacto negativo na mobilidade e na seguranza viaria da zona

1º En lugar de proxectar unha conexión dobre, en sentido Ourense e en sentido Santiago, só se propón unha conexión en sentido Ourense.

2º A conexión prevista entre a N525 e a AG 53 faise aproveitando o trazado dunha pista (antigo trazado na N525) e dun paso a nivel inferior no lugar de Mizoite que dá servizo a propiedades veciñais e que é usado principalmente por vehículos agrícolas e de transporte. Como consecuencia, a veciñanza quedaría sen acceso ás súas propiedades.

CSM-REXISTROBNG0167  
Verificación  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csw/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/11/2019 17:06:30**  
**Nº Rexistro: 59228**  
Data envío: 21/11/2019 17:06:30.756

3º A obra proxectada non contribúe a resolver os problemas de seguranza viaria que existen no treito da N 525 á altura de Mizoite e que dificultan o acceso ás vivendas e ás propiedades.

4º A actuación proxectada debería prever unha rotonda na N525 á altura do PK 275, para mellorar a seguridade viaria, facilitar o acceso á autovía e garantir unha mellor conectividade coas vivendas e as propiedades situadas a ambos lados na estrada.

Tendo en conta todas estas afeccións, a veciñanza da zona presentou alegacións ao proxecto solicitando a modificación do mesmo.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta ao goberno galego a:

1. Reformular o proxecto de acceso en sentido Ourense entre a N 525 e a autovía AG 53 en Dozón, incluíndo as seguintes actuacións

- Manter o vial de conexión e o paso a nivel entre o lugar de Mizoite e as propiedades veciñais, que se vería afectado polo proxecto que se someteu a información pública, debido á incompatibilidade entre o tráfico de acceso á autovía.

- Construír un dobre enlace de conexión cara a Ourense que realmente dea unha verdadeira solución ó problema. Medidas de seguranza viaria e de mellora dos accesos ao núcleo de Mizoite e ás propiedades veciñais, prevendo a construción dunha rotonda no entronque da N525 co novo vial de acceso á autovía.



CSX4 REXYSTRONKBOPLU7

Verificación

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/11/2019 17:06:30**  
**Nº Rexistro: 59228**  
Data envío: 21/11/2019 17:06:30.756

2. No caso de non considerarse viábel a anterior alternativa, redactar un novo proxecto para a construción do dobre enlace completo con saída e entrada cara Ourense entre a AG53 e a N525 en Dozón, situado noutro punto da N525, concretamente na recta á altura do dobre enlace existente cara Santiago xa construído no seu momento. (Neste punto é onde comeza a AG53 que conecta coa AP53.)”

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 21/11/2019 17:01:02**

**María Montserrat Prado Cores na data 21/11/2019 17:01:07**

CSX: REXISTROBNGBOPL127  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/11/2019 17:06:30**  
**Nº Registro: 59228**  
Data envío: 21/11/2019 17:06:30.756

**Noa Presas Bergantiños na data 21/11/2019 17:01:15**

**Olalla Rodil Fernández na data 21/11/2019 17:01:22**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 21/11/2019 17:01:38**

**Ana Pontón Mondelo na data 21/11/2019 17:01:47**

CSX: REXISTROBKBOPLU7  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 15.01.2020                      Hora: 10:30

Orde do día

1.7        59357(10/PNC-004736)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 10 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao  
Ministerio de Fomento e ao Concello de Lugo en relación coa  
execución do proxecto de construción da estación intermodal  
de Lugo

*Publicación da iniciativa, 572, 04.12.2019*



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 25/11/2019 16:30:00  
**Nº Rexistro: 59357**  
Data envío: 25/11/2019 14:09:20.844

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas **Encarna Amigo Díaz, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Sandra Vázquez Domínguez, Raquel Arias Rodríguez, Daniel Vega Pérez, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López e Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a **seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

### Exposición de motivos:

A estación intermodal de Lugo é un proxecto estratéxico para a cidade e para o conxunto da provincia por canto fará posible integrar nun mesmo espazo as instalacións ferroviarias, incluídas as futuras necesidades derivadas da alta velocidade, con outros servizos de transporte urbano e interurbano.

Esta nova infraestrutura pública nace na procura de promover a utilización do transporte público sustentable, mediante a execución das obras precisas para que, en Lugo, veciños e usuarios teñan, ao igual que noutras cidades galegas, a posibilidade de combinar diferentes modos de transporte público *-ferrocarril e autobús-*, dunha maneira rápida e eficiente e cun menor custo ambiental e económico.

O Goberno galego está a liderar o traballo para que Lugo teña unha estación intermodal. Xa ten realizado un completo estudo de alternativas e ten proposto un texto de convenio para sentar as bases da colaboración entre as distintas administracións implicadas en facer realidade a intermodalidade: Xunta, Concello de Lugo e Ministerio de Fomento, a través do ADIF.

O modelo de colaboración establecido para a estacións intermodais galegas consiste en que a Xunta constrúe e financia a terminal de autobuses; o Ministerio de Fomento constrúe e financia a reforma ferroviaria; e o Concello asume a adecuación urbanística, coa colaboración da Administración autonómica de ser necesario, e os accesos que cumpren.

Con todo, existen razóns para considerar que a xestión do Goberno socialista que preside Pedro Sánchez pode ser un freo ao desenvolvemento desta infraestrutura e doutros proxectos ferroviarios estratéxicos para Lugo e toda a provincia.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com

CSM-REXISTRO59357W1Cv0  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>



Vemos como os gobernos socialistas, tanto no Executivo estatal como no Concello de Lugo, están a dilatar a sinatura do convenio de colaboración entre as distintas administracións para a execución da estación intermodal, a pesar de que se basea nos convenios asinados noutras cidades de Galicia (porque Lugo nin pode nin debe ser diferente). Tamén vemos como, por parte do Goberno central, se pretenden incumprir varios dos compromisos adquiridos e recollidos no seu propio proxecto.

É o caso do aparcadoiro subterráneo vinculado á estación de ferrocarril, que o Ministerio de Fomento incluíu no proxecto presentado en marzo de 2019, polo ministro Ábalos, a presidenta do ADIF, o delegado do Goberno en Galicia e a alcaldesa de Lugo. Un proxecto para a terminal ferroviaria intermodal que incluía a construción dun gran aparcadoiro subterráneo.

Ese aparcadoiro subterráneo é unha necesidade da terminal ferroviaria comprometida polo Ministerio de Fomento. De feito, o propio estudo funcional elaborado por Adif recoñece que a futura estación necesita un aparcadoiro subterráneo de 300 prazas para atender as necesidades ferroviarias.

Con todo, chegada a hora de plasmar os compromisos nun convenio de colaboración entre as distintas administracións implicadas, atopámonos con que o Goberno central non quere asumir o custo dese aparcadoiro subterráneo vinculado á terminal ferroviaria. Vemos como o Goberno estatal non quere pagar un aparcadoiro imprescindible para que a cidade de Lugo teña unha estación intermodal completa, tal e como foi deseñada.

Ante a necesidade de que cada administración asuma os compromisos que lle corresponde no eido das súas responsabilidades e eses compromisos queden plasmados, á maior brevidade, nun convenio de colaboración semellante ao asinado para as intermodais noutras cidades galegas e para que Lugo non sufra máis retrasos na execución da súa estación intermodal, desde este grupo parlamentario presentamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en **Comisión**:

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

1.- Esixir que o Ministerio de Fomento constrúa e financie a terminal ferroviaria da estación intermodal que presentou na cidade de Lugo en marzo de 2019. Isto é: unha terminal ferroviaria reformada e dotada cun aparcadoiro subterráneo que cubra as súas necesidades.





GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 25/11/2019 16:30:00  
Nº Rexistro: 59357  
Data envío: 25/11/2019 14:09:20.844

2.- Demandar do Concello de Lugo e do Ministerio de Fomento, como administracións implicadas no desenvolvemento da estación intermodal de Lugo xunto coa Administración autonómica, que asinen, á maior brevidade, o convenio de colaboración a tres bandas proposto pola Xunta, similar ao xa asinado noutras cidades galegas que teñen as súas estacións intermodais en execución”.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2019.

Santiago de Compostela, 20 de noviembre de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 25/11/2019 13:50:02**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 25/11/2019 13:50:17**

**Martín Fernández Prado na data 25/11/2019 14:04:55**

**Jaime Castiñeira Broz na data 25/11/2019 14:05:15**

**Sandra Vázquez Domínguez na data 25/11/2019 14:05:43**

**Raquel Arias Rodríguez na data 25/11/2019 14:06:05**

**Daniel Vega Pérez na data 25/11/2019 14:06:34**



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdeg Galicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 25/11/2019 16:30:00  
Nº Rexistro: 59357  
Data envío: 25/11/2019 14:09:20.844**

**Jacobo Moreira Ferro na data 25/11/2019 14:06:44**

**María Julia Rodriguez Barreira na data 25/11/2019 14:07:13**

**Gonzalo Trenor López na data 25/11/2019 14:07:25**

**Antonio Mouriño Villar na data 25/11/2019 14:07:35**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 25/11/2019 14:08:11**



CSV, REGISTRO POPULAR DE GALICIA

Verificación

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 15.01.2020 Hora: 10:30

Orde do día

1.8 59731(10/PNC-004767)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias existentes na rede de saneamento e depuración de augas residuais do concello de Ponteareas, en particular, na parroquia de Ribadetea

*Publicación da iniciativa, 576, 13.12.2019*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 04/12/2019 13:52:11  
Nº Rexistro: 59731  
Data envío: 04/12/2019 13:52:11.501

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

### Exposición de motivos

Máis de 10 anos de Goberno do presidente Feijóo, Galicia perde oportunidades de avanzar, sen posibilidade de recibir as subvencións da UE e coa imposición de sancións pola súa deficiente depuración. A Comisión Europea xa ten imposto sancións a España e xa ten anunciado novas denuncias ante o Tribunal de Xustiza da UE porque non existe garantía do bo tratamento das augas residuais urbanas en varias zonas de Galicia; porque falta un sistema axeitado de tratamento e porque existe risco para a saúde pública.

O curioso é que temos un Plan de saneamento 2000-2015, que no seu inicio xa daba por feito que uns 500.000 galegos se terían que contentar con sistemas de saneamento individuais, é dicir, con fosas sépticas. E tamén temos un Plan hidrolóxico da demarcación Galicia-Costa, que estará vixente ata 2027 se as reiteradas sentenzas do TS que veñen anulando os reais decretos de aprobación do dito plan hidrolóxico non o impiden. Mais o certo é que, con estes resultados ao longo dos anos, non hai datos sobre o nivel de cumprimento do Plan de saneamento, non hai datos de balance.

Como moitos outros concellos de Galicia, o de Pontearreas ten importantes deficiencias na rede de saneamento e depuración das augas residuais, pois moitas das súas parroquias non teñen rede de saneamento; unha desas parroquias é a de Ribadetea, que conta con 800 veciñas e veciños. Moitos deles verten a minidepuradoras que non funcionan correctamente e moitos a fosas sépticas, mais moitos ao río Tea.

No mes de setembro de 2018, o Pleno do Concello aprobaba por unanimidade esixirlle ao Goberno galego un proxecto de saneamento integral para a parroquia e o Goberno comprometeuse ao facer. De feito, en setembro de 2019 ese proxecto era licitado, comprometéndose de novo o Goberno a telo en funcionamento no mes de marzo de 2020.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

CSM-REXISTROXERAL-007  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 04/12/2019 13:52:11**  
**Nº Registro: 59731**  
Data envío: 04/12/2019 13:52:11.501

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguintes proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Garantir o bo tratamento das augas residuais urbanas e un sistema axeitado de tratamento en todas as parroquias do concello de Pontearreas,
2. Poñer en funcionamento o comprometido proxecto de saneamento integral para a parroquia de Ribadetea do dito concello no mes de marzo de 2020, rematando así coas importantes deficiencias na rede de saneamento e na depuración das augas residuais da parroquia.

Pazo do Parlamento, 04 de decembro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
María Luisa Pierres López  
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez  
Deputado Portavoz adxunto do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 04/12/2019 13:46:41**

**María Luisa Pierres López na data 04/12/2019 13:46:50**



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 - [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 04/12/2019 13:52:11**  
**Nº Rexistro: 59731**  
Data envío: 04/12/2019 13:52:11.501

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/12/2019 13:47:01**

CSV REGISTRO XERAL ENTRADA  
Verificación  
<https://seccia.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif: 981 551 530 - [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)